



DEPORTE
GALEGO

CAMPIONATO AUTONOMICO

MAR-COSTA 2025

O Campionato Autonómico de Mar-Costa, Categoría Absoluta, está convocado pola Federación Galega de Pesca e Cásting, sendo responsable da súa organización a Delegación Provincial desta Federación na Coruña, baixo a supervisión do Comité Técnico da especialidade.

A Competición rexerese por estas bases, polas normas autonómicas en materia de pesca marítima e polo Regulamento de Competición da F.G.P. e C.

Lugar e Data:

Desenvolverase **NA PRAIA DA LANGOSTEIRA (FISTERRA).**

Alternativa **PRAIA DE LAXE**

Na data : 26/04/2025. Alternativa 03/05/2025.

Asistencia Deportistas:

Cómpre que tódolos clubs confirmen a asistencia dos seus deportistas ata a data linde do 18 de abril do 2025 ás 12 horas. As confirmacións cómpre facelas exclusivamente ao correo delegadocoruna@fgpesca.org axuntando o xustificante do ingreso dos 25.- € na conta **ES34 2080 0176 9630 4001 0672**.

É obrigatorio que por cada catro deportistas inscritos o Club achegue unha persoa para facer labores de Control. O non cumprimento desta norma fará que os membros dese Club non poidan participar na competición.

BASES

Xurado: A súa composición farase pública na reunión de Delegados para o Sorteio.

Mangas: Desenvolverase en dúas mangas de tres horas cada unha delas. Tanto o inicio como no remate dá manga será indicado con sinais acústicas.

A adxudicación dos distintos postos aos deportistas farase por sorteo semidirixido.

Capturas: Os exemplares presentados á pesaxe aos que, polo menos lles falte un centímetro para acadar a talla mínima legal, contarán como penalización que será a equivalente ao peso deses exemplares. A baila equipararase a robaliza. No caso de sanción administrativa por incumprimento das tallas mínimas, a responsabilidade recae no deportista infractor.



DEPORTE
GALEGO

Material Deportivo:

Canas: autorízase ter dúas canas en tarefa de pesca por pescador, podendo ter montadas, de reserva, outras máis.

Cebo: Constará de 3 caixas gabilán , 2 de coreano e 3 caixas de norte na 1ª manga, e 7 caixas de gabilán e 1 de coreano na 2ª manga. O cebo subministrarao a Federación Galega de Pesca e Casting. Será o cebo que se indica ou semellante, en todo caso serán iguais cantidades e especies para tódolos deportistas.

Anzois: Non poderán ser de medida inferior a 5 milímetros de anchura. Os deportistas non poden atoparse en posesión nos seus postos de pesca, de anzois cunha apertura inferior a 5 mm de ancho total. Quen infrinxa esta norma será descualificado nesa manga e se fora reincidente a descualificación alcanzará a todo ou campionato.

É obrigatorio para tódolos deportistas dispor como elementos auxiliares no posto de pesca dun caldeiro de polo menos 17 litros e un osixenador, que estará en funcionamento sempre que haxa capturas no mesmo.

Medición e control das capturas

Consideraranse válidas tódalas capturas. Os peixes que non acaden a talla mínima regulamentaria puntuaranse cun punto por peza. As capturas introduciranse no caldeiro (anzoada ou desanzoada), antes de realizar o seguinte lanzamento da cana.

As capturas serán verificadas polo xuíz, controis ou membros do Comité. Os peixes unha vez medidos devolveranse á auga no menor tempo posible.

O/A deportista deberá de realizar o desanzado da captura do xeito menos lesivo posible para o peixe, e deberá de manter a peza viva ata a súa verificación.

Programa:

13,00 horas: Recepción dos deportistas no escenario da proba.

13,30 horas: Sorteio de postos.

15,30 horas: Inicio Primeira Manga.

18,30 horas: Fin da Primeira Manga.

19,30 horas: Inicio da Segunda Manga.

22,30 horas: Fin da competición.

Os horarios, poderán ser modificados por estar a praia ocupada por bañistas ou por outros condicionantes.



DEPORTE
GALEGO

Normas de comportamento:

Para facer o lance pódese entrar na auga a altura do nocello.

Unha vez feito o lance, os deportistas e as canas deberán estar na parte seca, dende onde se fará a acción de cravado e loita coa peza. . Preferentemente no centro do posto, retirado a 5 metros coma mínimo dá liña separadora dos postos a súa dereita e esquerda.

Ao sinal de fin da manga é obrigado desistir de inmediato na acción de pesca, debendo retirar o aparello da auga, cobrando normalmente o aparello e estando atento á chegada dos Controis para a entrega das capturas.

Os deportistas deberan recoller a liña rápida ou lentamente, pero a acción de recoller a tiróns está prohibida e suporá a non contabilización das capturas realizadas ata ese momento.

As capturas presentadas á pesaxe estarán libres de area, argazo, restos de aparellos, auga ou calquera outros corpos alleos ás capturas mesmas.

Os deportistas agardarán a retirada das súas capturas no seu posto.

Está totalmente prohibido botar calquera tipo de lixo ou vertedura contaminante ás augas ou á contorna. Os deportistas deberán deixar o posto de pesca totalmente libre de lixo. A infracción a esta norma dará lugar á descualificación do deportista.

Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final dá proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

Só poden entrar nos postos dos competidores os xuíces, e os Controis a petición dos participantes. A infracción a esta norma dará lugar á descualificación do deportista.

A pesaxe comezará media hora despois do sinal de fin da proba.

Para outras disposicións non recollidas nas presentes bases, rexerémonos polas Normas da Federación Española de Pesca e Casting da especialidade.

Os seis primeiros deportistas clasificados ascenderán ao vindeiro campionato selectivo da especialidade. No caso de que algún deses seis postos o ocupase un deportista que xa fai parte do selectivo, correrase a clasificación tantos postos coma deportistas do selectivo ocupen esas prazas. En ningún caso ascenderán máis, nin menos, de seis deportistas.



DEPORTE
GALEGO

O campión autonómico obterá praza directa na selección galega que represente a Galicia no campionato nacional da especialidade 2026, categoría Absoluta. Agás no caso de que sexa un dos deportistas que xa participase no clasificatorio de veteranos (Máster). Nese caso esa praza corresponderalle ao primeiro deportista clasificado non Máster.

Os deportistas convocados para esta competición son os que se relacionan no **ANEXO I**

Nota importante:

Só terán opción de ascenso aqueles deportistas que acaden puntuación positiva (capturas)

Ao longo da manga está absolutamente prohibido abandonar o posto de pesca sen autorización do xuíz. Infrinxir esta norma significará a desclasificación da proba. No caso de que ese abandono sexa para entrar no posto doutro deportista, coa autorización deste, serán desclasificados eses dous deportistas.

Inscribirse nesta competición significa aceptar ser incluído no grupo de wassap da mesma sen previa solicitude de autorización.

**Asdo. D. Manuel Campos Cruces
Presidente do Comité de Mar-Costa da F.G.P.e C.**



DEPORTE
GALEGO

ANEXO I

CLASIFICADOS PROVINCIAIS 2025

- Jesús Manuel Ayaso Vidal (W Latorre)
- Luís Alberto Tomé Fernández (O Capote)
- Miguel Fernández Rey (Españazo Fishing)
- David Barreiro Pensado (Barbanza)
- Carlos Bermúdez Barros (O Capote)
- Pablo Torreira Corral (O Capote)
- Iván López Graña (Surfcasting Narón)
- Marco Ferandes Rey (Riomar 2008)
- José Ángel Gey Garrido (W Latorre)
- Emilio José Ceniza Fontes (Surfcasting Narón)
- Santiago Otero Bouzón (Barbanza)
- Ramón José Montaos Martínez (Riomar 2008)
- Óscar Beceiro Sedes (Riomar 2008)
- Francisco Javier Mareque Galego (W Latorre)
- Mario Feijoo Bandín (Barbanza)
- Javier Longueira Freire (O Capote)
- Francisco José Vilar Veiga (Españazo Fishing)
- Miguel Salvante Sande (Barbanza)
- Ramón Miguéns Oliveira (O Isco)
- Luís Santana Varela (Pesca Cíes)
- Pablo Vázquez Bernárdez (Rías Baixas)
- Isidro López Carballa (Mar de Arousa)
- José Antonio Mourelos Álvarez (O Isco)
- Luís Enrique López García (O Isco)
- Arlindo Pereira Méndez (Rías Baixas)
- Francisco Argibay Juncal (ADN Ribadavia)
- Pedro Bolaño Pérez (ADN Ribadavia)

DESCENDIDOS SELECTIVO 2024

- Francisco Estévez Villanueva (Pesca Cíes)
- Miguel Bazaga González (Moita Escama)
- Francisco Paz Lamelas (Surfcasting Narón)



DEPORTE
GALEGO

- Roberto Fraga López (Espiñazo Fishing Team)
- Alejandro Fontán Durán (Moita Escama)